

«Sector»	1990	2000	2001	2002	Media Asignacións		Asignacións Media anual 2005-2007		
	Mill. Tm CO ₂	Mill. Tm CO ₂	Mill. Tm CO ₂	Mill. Tm CO ₂	Mill. Tm CO ₂	PM/90	Sen reserva (A)	Reserva (B)	Total (A) + (B)
Instalacións mixtas non anexo I ⁽⁴⁾		0,00		0,00			1,682	0,000	1,682
Total non anexo I							13,920	0,364	14,284
Total emisións España (Mt CO ₂ -eq) ⁽⁵⁾	285,69	386,68	385,05	401,34	391,02	36,87 %			

⁽¹⁾ Os datos de emisións históricas non inclúen as correspondentes á queima de gases siderúrxicos.

⁽²⁾ Inclúense as plantas de hidróxeno cando o seu titular é o da refinaría.

⁽³⁾ Emisións e asignacións sumando os gases siderúrxicos e coquerías.

⁽⁴⁾ Nesta epígrafe inclúense as instalacións de coxeración e instalacións mixtas que dan servizo en sectores non enumerados no anexo I da directiva. No caso das instalacións mixtas, estas entraron en funcionamento con posterioridade ao ano 2002.

⁽⁵⁾ Todos os gases de efecto invernadoiro e todos os sectores»

Catro. Substitúese a redacción do quinto parágrafo do punto 3.A relativo ao sector cerámica polo seguinte texto: «A asignación ao sector cerámico é coherente coa aplicación das tres condicións limiar exixidas polo Real decreto lei 5/2004, do 27 de agosto, para considerar unha instalación incluída no seu anexo I.

A exigencia simultánea de todas elas implica a exclusión dun número significativo de instalacións. En consecuencia, é necesario axustar a serie histórica das emisións correspondentes ao conxunto de instalacións afectadas nos subsectores de ladrillos e tellas e azulexos e baldosas».

Cinco. Modifícase a seguinte referencia no último parágrafo do punto 4.A.a, sector eléctrico, do Plan nacional de asignación de dereitos de emisión, 2005-2007: «O volume de dereitos dispoñible para facer fronte ás emisións deste tipo de instalacións elévase, durante o período 2005-2007, a 1,84 × 3 Mt CO₂», polo: «volume de dereitos dispoñible para facer fronte ás emisións deste tipo de instalacións elévase, durante o período 2005-2007, a 1,00 × 3 Mt CO₂».

Seis. O parágrafo segundo do punto 6.B, Novos entrantes, do Plan nacional de asignación de dereitos de emisión, 2005-2007, terá a seguinte redacción: «establécese unha reserva gratuíta do 1,90% sobre as emisións do escenario de referencia, o que supón 2,994 Mt/ano, que se distribuirán entre o sector de xeración eléctrica (xa incluída na asignación sectorial) e os sectores industriais. A cantidade total de dereitos que se van reservar no caso dos sectores industriais é de 1,994 Mt/ano, repartidos de forma orientativa sectorialmente de acordo coas estimacións de aumento de emisións entre 2002 e as previsións para 2006. A asignación final da reserva axustarase aos criterios fixados para a xestión desta. Un 50% desta reserva prevese para as instalacións de coxeración asociadas aos sectores industriais incluídos no anexo I da directiva. A isto sumárase unha bolsa adicional de 0,364 Mt/ano exclusiva para os novos entrantes correspondentes á categoría doutras coxeracións, é dicir, aquelas que dan servizo en sectores non enumerados no anexo I da directiva».

Disposición transitoria única. *Aplicación retroactiva.*

As modificacións introducidas no Plan nacional de asignación de dereitos de emisión, 2005-2007, aprobadas por este real decreto, producirán efectos desde o día 1 de xaneiro de 2005.

Disposición derradeira primeira. *Natureza básica e título competencial.*

Este real decreto ten natureza básica e dítase ao abeiro das competencias estatais en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e da lexislación básica sobre protección do medio previstas

no artigo 149.1.13.^a e 23.^a da Constitución, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 21 de xaneiro de 2005.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno

e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

MINISTERIO DE SANIDADE E CONSUMO

1156 REAL DECRETO 61/2005, do 21 de xaneiro, polo que se fixan os métodos de toma de mostras e de análise para o control oficial do contido máximo de estaño nos alimentos enlatados. («BOE» 19, do 22-1-2005.)

A Directiva 2004/16/CE da Comisión, do 12 de febreiro de 2004, pola que se fixan métodos de toma de mostras e de análise para o control oficial do contido máximo de estaño nos alimentos enlatados, establece os procedementos de mostraxe e os métodos de análise que se deberán aplicar para o control oficial do contido de estaño nos grupos de alimentos regulados no Regulamento (CE) n.º 242/2004 da Comisión, do 12 de febreiro de 2004, que modifica o Regulamento (CE) n.º 466/2001, polo que respecta ao estaño inorgánico nos alimentos.

O referido Regulamento (CE) n.º 242/2004 recolle os grupos de alimentos susceptibles de conteren estaño, así como os límites máximos deste contaminante que poden conter. Os grupos de alimentos aos que se aplica esta normativa son os alimentos enlatados, bebidas enlatadas e alimentos enlatados para lactantes e nenos de curta idade.

Os métodos de análise previstos na Directiva 2004/16/CE refírense ao estaño total e son adecuados para os límites máximos de estaño inorgánico regulados no Regulamento (CE) n.º 242/2004 referido anteriormente, dado que a posible presenza de formas orgánicas de estaño nos alimentos non se considera estimable en relación cos contidos máximos fixados para o estaño inorgánico.

Polo que respecta ao control oficial, o Real decreto 50/1993, do 15 de xaneiro, polo que se regula o control oficial dos produtos alimenticios, establece os principios xerais para a realización do control dos produtos alimenticios e inclúe, entre outras operacións, a toma de mostras e a análise dos parámetros analíticos nos distintos grupos de alimentos. Pola súa parte, o Real decreto 1397/1995, do 4 de agosto, polo que se aproban medidas adicionais sobre o control oficial de produtos alimenticios, regula a cualificación técnica e profesional dos axentes que interveñen no control oficial de produtos alimenticios, así como un sistema de calidade para os laboratorios encargados de realizaren os ditos controis.

En relación cos procedementos de inspección, o Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria, establece os procedementos de inspección durante a toma de mostras de produtos alimenticios, e especifica as mostras legais que se deben tomar para realizar o control oficial de alimentos.

Mediante este real decreto incorpórase ao ordenamento xurídico interno a Directiva 2004/16/CE, para regular os procedementos de mostraxe e os métodos de análise para o control do estaño nos alimentos que poden contelo, como son os enlatados.

Na súa elaboración foron oídos os sectores afectados e as comunidades autónomas, e emitiu informe preceptivo a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Este real decreto dítase ao amparo do disposto no artigo 149.1.16.^a da Constitución española e de acordo co establecido nos artigos 38 e 40.2 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Sanidade e Consumo, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 21 de xaneiro de 2005,

DISPONGO:

Artigo 1. *Toma de mostras para o control oficial.*

A toma de mostras para o control oficial do contido máximo de estaño nos produtos alimenticios regulados no Regulamento (CE) n.º 242/2004, da Comisión, do 12 de febreiro de 2004, que modifica o Regulamento (CE) n.º 466/2001, polo que respecta ao estaño inorgánico nos alimentos, realizarase de acordo cos métodos descritos no anexo I.

Artigo 2. *Preparación de mostras e métodos de análise.*

A preparación da mostra e o método de análise utilizados para o control oficial do contido de estaño nos produtos alimenticios, regulados no Regulamento (CE) n.º 242/2004 da Comisión, do 12 de febreiro de 2004, que modifica o Regulamento (CE) n.º 466/2001, polo que respecta ao estaño inorgánico nos alimentos, realizarase de acordo cos criterios descritos no anexo II.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase de conformidade cos artigos 38 e 40.2 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, e ao amparo do artigo 149.1.16.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade, así como en materia de sanidade exterior.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Sanidade e Consumo para ditar, no ámbito das súas competencias, as disposicións necesarias para o desenvolvemento do establecido neste real decreto e, en particular, para adaptar os anexos ás modificacións introducidas pola normativa comunitaria.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 21 de xaneiro de 2005.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Sanidade e Consumo,
ELENA SALGADO MÉNDEZ

ANEXO I

Métodos de toma de mostras para o control oficial do contido máximo de estaño nos alimentos enlatados

1. *Obxecto e ámbito de aplicación*

As mostras destinadas aos controis oficiais do contido máximo de estaño nos alimentos enlatados regulados no Regulamento (CE) n.º 242/2004 da Comisión, do 12 de febreiro de 2004, que modifica o Regulamento (CE) n.º 466/2001, polo que respecta ao estaño inorgánico nos alimentos, tomaranse de acordo cos métodos descritos a continuación. As mostras globais así obtidas consideraranse representativas dos lotes.

A conformidade dos lotes determinarase en función dos contidos encontrados nas mostras de laboratorio e de acordo cos contidos máximos fixados no Regulamento (CE) n.º 242/2004.

2. *Definicións*

a) Lote: cantidade de produto alimenticio identificable, entregada nunha vez e que presenta, a xuízo do axente responsable, características comúns, como a orixe, a variedade, o tipo de envase, o envasador, o expedidor ou a marcaxe.

b) Sublote: parte dun lote máis grande designada para aplicar sobre ela o método de toma de mostras. Cada sublote deberá estar separado fisicamente e ser identificable.

c) Mostra elemental: cantidade de material tomada nun único punto do lote ou sublote.

d) Mostra global: agregación de todas as mostras elementais tomadas do lote ou sublote.

e) Mostra de laboratorio: mostra destinada ao laboratorio.

3. *Disposicións xerais*

a) Autoridade competente: os órganos competentes das comunidades autónomas para o mercado interior, e o Ministerio de Sanidade e Consumo para o comercio extracomunitario.

b) Persoal: a toma de mostras deberá ser efectuada por persoal autorizado para tal efecto polas autoridades competentes.

c) Material obxecto de mostraxe: calquera lote destinado a ser analizado será obxecto dunha mostraxe separada.

d) Precaucións: durante a mostraxe e a preparación das mostras, deberán tomarse precaucións para evitar

toda alteración que poida modificar o contido de estaño, influír de maneira adversa na determinación analítica ou invalidar a representatividade das mostras globais.

e) **Mostras elementais:** na medida do posible, as mostras elementais tomaranse en distintos puntos do lote ou sublote. Calquera excepción a este requisito recollerase na acta citada na alínea i).

f) **Preparación da mostra global:** a mostra global obtense agrupando e homoxeneizando todas as mostras elementais. Esta mostra global homoxeneízase no laboratorio, cando for posible.

g) **Mostras idénticas de laboratorio:** tomaranse mostras idénticas a partir da mostra global homoxeneizada, cando for posible, para efectos comerciais, de arbitraje ou de control oficial para a realización da análise inicial, contraditoria e dirimente, segundo o establecido no Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria, e demais disposicións que resulten de aplicación en cada caso.

h) **Acondicionamento e envío das mostras:** cada mostra deberá colocarse nun recipiente limpo, de material inerte, que ofrezca unha protección adecuada contra a contaminación e a deterioración que puidesen resultar do transporte. Haberán de tomarse todas as precaucións necesarias para evitar calquera modificación da composición da mostra que puidese ocorrer durante o transporte ou o almacenamento.

i) **Precintado e etiquetaxe das mostras:** cada mostra oficial precintárase no lugar da mostraxe e identificarase segundo o establecido no Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, e demais disposicións que resulten de aplicación en cada caso.

En cada toma de mostras cubrirase unha acta que permita identificar sen ambigüidade cada lote e que indique a data e o lugar da mostraxe, así como toda información adicional que poida resultar útil ao analista.

4. *Plans de mostraxe*

O método de mostraxe utilizado garantirá que a mostra global sexa representativa do lote que se vaia controlar.

a) **Número de mostras elementais:** o número mínimo de mostras elementais que deberán tomarse das latas dun lote será o indicado no cadro 1. As cantidades tomadas de cada lata (mostra elemental) serán dun peso similar e constituirán a mostra global (véxase o número 3.f).

CADRO 1

Número de latas (mostras elementais) que deberán tomarse para constituír a mostra global

Número de latas no lote ou sublote	Número de latas que deben tomarse
1 a 25	Ao menos 1 lata
26 a 100	Ao menos 2 latas
> 100	5 latas

Nótese que os niveis máximos se aplican aos contidos de cada lata, pero para a viabilidade da proba é necesario utilizar un enfoque centrado na mostra global. Se o resultado da proba realizada sobre a mostra global é inferior, aínda que próximo, ao nivel máximo e se sospeita que as latas individuais poden exceder o nivel máximo, pode resultar necesario levar a cabo investigacións complementarias.

b) **Mostraxe na fase de comercio retalista:** a mostraxe que debe aplicarse na fase de comercio retalista debe realizarse, sempre que sexa posible, de conformidade coas disposicións para a mostraxe mencionadas

anteriormente. No caso de que non sexa posible, poderanse aplicar outros métodos de mostraxe eficaces, sempre que garantan unha representatividade suficiente do lote obxecto de mostraxe.

5. *Conformidade do lote ou sublote.*

a) O laboratorio de control oficial realizará dúas análises independentes, como mínimo, da mostra de laboratorio para garantir o cumprimento da normativa e calculará a media dos resultados.

b) O lote será aceptado se a media calculada non supera o contido máximo establecido no Regulamento (CE) n.º 242/2004, tendo en conta a corrección en función da recuperación e a incerteza da medida.

c) O lote non cumprirá co contido máximo establecido no Regulamento (CE) n.º 242/2004, cando a media calculada supere, fóra de toda dúbida razoable, os ditos contidos máximos, tendo en conta a corrección en función da recuperación e a incerteza da medida.

ANEXO II

Preparación das mostras e criterios que deben cumprir os métodos de análise para o control oficial do contido de estaño nos alimentos enlatados

1. *Precaucións e consideracións xerais relativas ao estaño*

a) O requisito básico é obter unha mostra de laboratorio representativa e homoxénea sen introducir contaminación secundaria.

b) Deberase garantir que as mostras non se contaminen durante a preparación da mostra. Sempre que sexa posible, os aparellos que entren en contacto coa mostra deberán estar fabricados con material inerte, por exemplo, plásticos como polipropileno, teflón, etc., e deberanse limpar con ácido para minimizar o risco de contaminación. Poderase utilizar aceiro inoxidable de alta calidade para os instrumentos cortantes.

c) A totalidade das mostras recibidas no laboratorio deberán usarse para a preparación da mostra de ensaio, seguindo o regulado no punto 4.a) do anexo I. Só as mostras moi finamente homoxeneizadas darán resultados reproducibles.

d) Existen moitos procedementos satisfactorios específicos para a preparación de mostras que poden utilizarse. Consideráronse satisfactorios os descritos na norma CEN sobre Determination of trace elements-Performance criteria and general consideration (referencia 1), pero outros poden ser igualmente válidos.

2. *Tratamento da mostra recibida no laboratorio*

Na medida do posible, triturárase finamente e mesturárase coidadosamente a mostra global segundo un método recoñecido que garanta unha completa homoxeneización.

3. *Subdivisión das mostras para garantir o cumprimento da normativa ou con fins de defensa do comercio*

As mostras idénticas tomadas, para efectos comerciais, de arbitraje ou de control oficial para a realización das análises inicial, contraditoria e dirimente, segundo o establecido no Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria, e demais disposicións que resulten de aplicación en cada caso, deberán proceder de material homoxeneizado.

4. Método de análise que deberá utilizar o laboratorio e medidas de control do laboratorio

a) Definicións: a continuación recóllense algunhas das definicións máis comunmente utilizadas, que o laboratorio deberá aplicar:

r = Repetibilidade: valor por debaixo do cal pode esperarse que se sitúe a diferenza absoluta entre os resultados de dúas probas particulares, obtidos en condicións de repetibilidade (é dicir, coa mesma mostra, o mesmo operario, o mesmo instrumental, no mesmo laboratorio e nun breve intervalo de tempo) dentro dos límites dunha probabilidade específica (en principio, 95%); de onde: $r = 2,8 \times s_r$.

s_r = Desviación típica calculada a partir dos resultados obtidos en condicións de repetibilidade.

RSD_r = Desviación típica relativa calculada a partir dos resultados obtidos en condicións de repetibilidade $[(s_r / \bar{x}) \times 100]$, onde \bar{x} representa a media dos resultados de todos os laboratorios e mostras.

R = Reproducibilidade: valor por debaixo do cal pode esperarse que se sitúe a diferenza absoluta entre os resultados de probas particulares, obtidos en condicións de reproducibilidade (é dicir, con material idéntico obtido por operarios en distintos laboratorios, utilizando o método de ensaio normalizado) dentro dos límites dunha probabilidade específica (en principio,

95 %); $R = 2,8 \times s_R$.

s_R = Desviación típica calculada a partir de resultados obtidos en condicións de reproducibilidade.

RSD_R = Desviación típica relativa calculada a partir dos resultados obtidos en condicións de reproducibilidade $[(s_R / \bar{x}) \times 100]$ polo que se fixan os métodos de toma de mostras e de análise para o control oficial do contido máximo de estaño nos alimentos enlatados.

$HORRAT_r$ = a RSD_r observada dividida polo valor RSD_r estimado coa ecuación de Horwitz utilizando a hipótese $r = 0,66R$.

$HORRAT_R$ = o valor RSD_R observado dividido polo valor RSD_R calculado coa ecuación de «Horwitz» (referencia 2).

U = a incerteza ampliada, utilizando un factor de cobertura de 2, o que dá un nivel de confianza do 95 %, aproximadamente.

b) Requisitos xerais: os métodos de análise utilizados para o control dos produtos alimenticios deberán cumprir o regulado no Real decreto 1397/1995, do 4 de agosto, polo que se aproban medidas adicionais sobre o control oficial dos produtos alimenticios.

c) Requisitos específicos: en tanto non se prescriba a escala comunitaria ningún método específico para a determinación do contido de estaño nos alimentos enlatados, os laboratorios poderán aplicar calquera método validado da súa elección, a condición de que o método seleccionado se axuste aos criterios de aptitude que se indican no cadro 2. Conviría que a validación incluíra un material certificado de referencia.

CADRO 2

Criterios de aptitude para os métodos de análise de estaño

Parámetros	Valor/observación
Aplicable a.	Alimentos especificados no Regulamento (CE) n.º 242/2004.
Límite de detección.	Non máis de 5 mg/kg.
Límite de cuantificación.	Non máis de 10 mg/kg.

Parámetros	Valor/observación
Precisión.	Valores HORRAT _r ou HORRAT _R inferiores a 1,5 no ensaio colaborativo de validación.
Recuperación.	80% – 105% (como se indica no ensaio colaborativo).
Especificidade.	Sen interferencias da matriz ou espectrais.

Criterios de aptitude-Enfoque da función de incerteza.

De todas formas, tamén se pode empregar un enfoque de incerteza para avaliar a adecuación do método de análise que vai utilizar o laboratorio. O laboratorio pode utilizar un método que presente resultados dentro dunha incerteza estándar máxima. A incerteza estándar máxima pódese calcular por medio da seguinte fórmula:

$$U_f = \sqrt{(\text{LOD}/2)^2 + (0,1 C)^2}$$

onde:

U_f é a incerteza estándar máxima;
LOD é o límite de detección do método;
 C é a concentración de interese.

Se un método analítico proporciona resultados con medicións da incerteza inferiores á incerteza estándar máxima, o método será igual de adecuado que un que se axuste aos criterios de aptitude que se indican no cadro 2.

d) Cálculo do factor de recuperación e expresión dos resultados: o resultado analítico expresarase en forma corrixida ou sen corrixir en función da recuperación. Deberase indicar a forma de expresión e o factor de recuperación.

O resultado analítico corrixido en función da recuperación utilizarase para a conformidade do lote, segundo o punto 5 do anexo I.

Teranse en conta as «Harmonised Guidelines for the Use of Recovery Information in Analytical Measurement» (referencia 3) elaboradas baixo os auspicios de IUPAC/ISO/AOAC. Estas directrices contribúen a determinar os factores de recuperación.

O resultado analítico expresarase como $x \pm U$, sendo x o resultado analítico e U a incerteza expandida da medida.

e) Normas de calidade aplicables aos laboratorios: os laboratorios deberán axustarse ao regulado no Real decreto 1397/1995, do 4 de agosto, polo que se aproban medidas adicionais sobre o control oficial dos produtos alimenticios.

f) Outras consideracións para a análise.

Ensaio de aptitude: a participación en plans apropiados de ensaios de aptitude axustarase ao «International Harmonised Protocol for the Proficiency Testing of (Chemical) Analytical Laboratories» (referencia 4) elaborado baixo os auspicios de IUPAC/ISO/AOAC.

Algúns destes plans inclúen especificamente a determinación de estaño nos alimentos e recoméndase a participación nun dos ditos plans máis que un plan xeral para a determinación dos metais nos alimentos.

Control de calidade interno: os laboratorios deberán demostrar que introduciron procedementos para o control de calidade interno. Un exemplo destes procedementos son as ISO/AOAC/IUPAC «Guidelines on Internal Quality Control in Analytical Chemistry Laboratories» (referencia 5).

Preparación da mostra: deberase obrar con coidado para garantir que todo o estaño da mostra estea disolto para a súa análise. En concreto, reconécese que o proce-

demento de disolución da mostra deberá evitar a precipitación de calquera especie SnIV hidrolizada [é dicir, especies como o óxido de estaño SnO_2 , $\text{Sn}(\text{OH})_4$, $\text{SnO}_2 \cdot \text{H}_2\text{O}$].

As mostras preparadas débense conservar en 5 mol/l HCl. Non obstante, como o SnCl_4 se volatiliza facilmente, non convén ferver as solucións.

REFERENCIAS

1. BS EN 13804:2002: «Foodstuffs –Determination of trace elements-Performance criteria, general considerations and sample preparation», CEN, Rue de Stassart 36, B-1050 Brussels.
2. «W Horwitz. Evaluation of Analytical Methods for Regulation of Food and Drugs. Anal. Chem.», 1982, 54, 67A-76A.
3. ISO/AOAC/IUPAC. «Harmonised Guidelines for the Use of Recovery Information in Analytical Measurement. Edición de Michael Thompson, Steven L R Ellison, Ales Fajxelj, Paul Willetts and Roger Wood, Pure Appl. Chem.», 1999, 71, 337-348.
4. ISO/AOAC/IUPAC. «International Harmonised Protocol for Proficiency Testing of (Chemical) Analytical Laboratories, Edición de M Thompson and R Wood, Pure Appl. Chem.», 1993, 65, 2123-2144 (Publicado tamén en J. AOAC International, 1993, 76, 926).
5. ISO/AOAC/IUPAC. «International Harmonised Guidelines for Internal Quality Control in Analytical Chemistry Laboratories, Edición de M Thompson and R Wood, Pure Appl. Chem.», 1995, 67, 649-666.

MINISTERIO DE EDUCACIÓN E CIENCIA

1255 REAL DECRETO 55/2005, do 21 de xaneiro, polo que se establece a estrutura das ensinanzas universitarias e se regulan os estudos universitarios oficiais de grao. («BOE» 21, do 25-1-2005.)

O proceso de construción do Espazo Europeo de Educación Superior, iniciado coa Declaración de Boloña de 1999, inclúe entre os seus obxectivos a adopción dun sistema flexible de titulacións, comprensible e comparable, que promova oportunidades de traballo para os estudantes e unha maior competitividade internacional do sistema de educación superior europeo.

A citada declaración establece un horizonte temporal para a plena consecución deste espazo ata o ano 2010, e prevense fases bienais de realización, cada unha das cales finaliza cunha conferencia de ministros responsables da educación superior, en que se revisa o conseguido e se establecen novas directrices para o futuro. Ata a data leváronse a cabo a Conferencia de Praga no ano 2001 e a de Berlín en 2003, e está prevista a celebración da próxima reunión ministerial en Bergen, Noruega, no mes de maio de 2005.

Este novo sistema de titulacións, tal e como se reafirmou na comunicación da Conferencia de Berlín, ha de basearse en dous niveis nitidamente diferenciados, denominados, respectivamente, grao e posgrao, que, no seu conxunto se estruturan pola súa vez en tres ciclos.

O primeiro nivel, ou de grao, comprende as ensinanzas universitarias de primeiro ciclo e ten como obxectivo lograr a capacitación dos estudantes para integrarse directamente no ámbito laboral europeo cunha cualificación profesional apropiada. O segundo nivel, compren-

sivo das ensinanzas de posgrao, integra o segundo ciclo de estudos, dedicado á formación avanzada e conducente á obtención do título de mestrado, e o terceiro ciclo, conducente á obtención do título de doutor, que representa o nivel máis elevado na educación superior.

Por outra parte, e en virtude da competencia atribuída ao Estado polo artigo 149.1.30.a da Constitución española, sobre regulación das condicións para a obtención de títulos académicos e profesionais, e de acordo co establecido na disposición derradeira terceira da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, correspóndelle ao Goberno o establecemento dos títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional. Para o exercicio da dita competencia, a citada lei orgánica, tras ter previsto no seu artigo 37 a estruturación en ciclos das ensinanzas universitarias, veu promover a integración do sistema universitario español segundo as liñas emanadas para a construción do Espazo Europeo de Educación Superior, ao que dedica o seu título XIII, e autoriza o Goberno, no seu artigo 88.2, a proceder ao establecemento, reforma ou adaptación das modalidades cíclicas de cada ensinanza e os títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional correspondentes.

Este real decreto pretende ser unha das pezas normativas clave no desenvolvemento dos obxectivos da lei mencionada, xa que, por unha banda, aborda a nova estruturación das ensinanzas universitarias e, por outra, establece a regulación do primeiro ciclo daquelas, o grao; o segundo nivel de posgrao, comprensivo do segundo e terceiro ciclos, remítese ao seu desenvolvemento regulamentario específico.

Con esta regulación iníciase a transformación das ensinanzas universitarias oficiais, nun proceso que se desenvolverá de modo progresivo ata o ano 2010, co espazo temporal de reflexión necesario en función dos estudos que se pretendan abordar e coa participación de todos os axentes académicos e sociais implicados. Este novo marco normativo permitirá deseñar os novos títulos coa adecuada flexibilidade, en función das singularidades científicas e profesionais de cada un deles e en harmonía coas tendencias existentes en Europa.

O establecemento dos novos títulos non deberá supor mingua ningunha na consideración daqueles a que substitúan e a súa implantación será, en todo caso, plenamente respectuosa coa totalidade dos dereitos académicos e profesionais de que veñan desfrutando os titulados conforme a anterior ordenación. Así, o Goberno, ao longo do proceso de creación de cada un dos novos títulos, concretará na correspondente norma as equivalencias que en cada caso puidesen corresponder respecto dos anteriores.

As ensinanzas oficiais do ciclo de grao régulanse cun obxectivo formativo claro, que non é outro que o de propiciar a consecución polos estudantes dunha formación universitaria que xunte coñecementos xerais básicos e coñecementos transversais relacionados coa súa formación integral, xunto cos coñecementos e capacidades específicos orientados á súa incorporación ao ámbito laboral. Así mesmo, este real decreto contén os requisitos necesarios para que o Goberno, tras estudar as propostas elaboradas no seo da comunidade universitaria e contando coa participación dos sectores profesionais e colexios oficiais, así como a dos sindicatos e restantes axentes sociais implicados, poida establecer títulos universitarios específicos de grao con carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, así como as condicións a que se deberán axustar as universidades para a elaboración dos respectivos plans de estudos. Iso permitirá que estas diversifiquen a súa oferta e establezan itinerarios de libre configuración curricular.

Esta norma de carácter xeral responde á reserva competencial a favor do Estado contida no artigo 149.1.30.a da Constitución española, e dítase en uso da autorización